

# APUNTAMENTOS PARA A REFORMA DO REGULAMENTO DA CÁMARA

## 2. TÍTULO II

- En coherencia coas propostas do programáticas do BNG para a rexeneración e transparencia da vida política poderíase incluír a seguinte requisito no artigo 7 (figura xa nalgún outro regulamento, Parlamento de Andalucía):

Art. 7.4. Realizar declaracións de actividades e bens e intereses e presentar copia da súa declaración-liquidación do IRPF e, no seu caso, do Imposto sobre Patrimonio, para a súa inscrición no Rexistro de Actividades. Bens e Intereses.

Por igual motivo modificar o contido do artigo 15.3. no seguinte sentido:

Art. 15.3. O Rexistro de Actividades, Bens e Intereses terá carácter público. O contido das declaracións inscritas publicaranse no BOPG e estarán dispoñíbeis en internet.

Art. 15.4. Antes do 1 de agosto de cada ano, as deputadas/os aportarán á Cámara para a súa inclusión no devandito Rexistro as autoliquidacións tributarias do último exercicio económico declarado. Estas non serán obxecto da publicidade establecida no apartado anterior.

- No pasado a algún deputado do BNG impedíuselle polo goberno do PP a posibilidade de visitar un Centro de Menores, para evitar este tipo de situacións poderíase incorporar ao artigo 9 un novo punto:

Art. 9.3. Cando unha deputada/o considere necesario para o cumprimento das súas funcións parlamentares visitar algunha dependencia da Administración Pública, porao en coñecemento da Mesa do Parlamento co fin de que a súa Presidencia llo comunique á Administración afectada sinalando día e hora da visita, procurando que esta non obstaculice o normal funcionamento do servizo. A Administración poderá denegar, en resolución motivada, a visita a determinadas dependencias e a obtención de información reservada ou secreta.

## 3. TÍTULO III

- Modificación do artigo 28 para que todos os grupos gocen dos mesmos dereitos con independencia do número de membros que o integren.

Art. 28. Todos os grupos parlamentares gozan de idénticos dereitos.

## 4. TÍTULO IV

- Funcións da Mesa do Parlamento:

Art. 30. Correspóndelle á Mesa as seguintes funcións: Manter idénticas a 2ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª e 8ª. Suprimir a 1ª. Modificar a 3ª:

3ª. Elaborar o Proxecto de Orzamentos da Cámara, dirixir e controlar a súa execución e presentar ante o Pleno da Cámara, ao final de cada exercicio, un informe acerca do seu cumprimento.

Introducir novas:

9ª. Aprobar a relación de postos de traballo do persoal ao servizo do Parlamento, os cadros de persoal e a determinación das funcións correspondentes a cada un dos postos.

10ª. Aprobar as bases que regulen o acceso do persoal.

Art. 31. 2. Engadir: Cando no exercicio desta función supletoria a Presidencia propoña ditar unha resolución de carácter xeral, deberá mediar o parecer favorábel da Mesa e da Xunta de Portavoces.

- Comisións. Tendo en conta a saturación de asuntos que hai nalgunha das comisións permanentes lexislativas debemos propor ampliar o seu número para evitar o gran número de asuntos pendentes.

Art. 45.

1. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.
2. Ordenación Territorial, Obras Públicas e Servizos
3. Medio Ambiente
4. Economía, Facenda e Orzamentos
5. Educación e Cultura
6. Sanidade
7. Igualdade e Benestar
8. Innovación, Industria e Emprego
9. Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes
10. Pesca e Marisqueo

Art. 45.2. Incluír as Comisións permanentes non lexislativas que xa existen:

1. Comisión de Asuntos europeos
2. Comisión de Control da Compañía RTVG
3. Comisión de Relación co Consello de Contas de Galiza

Nas comisións de investigación deber informarse aos requiridos de comparecencia tamén das súas obrigas, Art. 52.2.

- Neste título para garantir a igualdade de dereitos de todos os grupos parlamentares é preciso modificar os artigos 38.1, 42.1, 51, 52.1, 53 e 56.4. En todos os casos a redacción sería: ...ou a petición dun grupo parlamentar ou dunha quinta parte das deputadas e deputados.
- Reprodución das comisións no Diario de Sesións do PG. Para que sexa preceptiva a reprodución das sesións das Comisións é preciso modificar o artigo 64.

Art. 64. ....en sesións do Pleno, da Deputación Permanente e das Comisións, cando estas non teñan carácter secreto.

## 5. TÍTULO V

- Fixación da orde do día das Comisións, posibilidade de introducir mecanismos similares aos da Xunta de Portavoces. Modificar artigo 72.2.

Art. 72.2. A orde do día das Comisións será fixada pola súa Presidencia de acordo coa súa respectiva Mesa, oídos os Portavoces dos grupos parlamentares na Comisión respectiva.

Ou algunha fórmula similar que garanta a igualdade dos grupos á hora de incluír asuntos na orde do día das Comisións

- Igualdade das/os discapacitados. Modificación:

Art. 75.2. Os discursos pronunciaranse persoalmente e de viva voz, agás no caso de que quen teña que intervir precise utilizar a linguaxe de signos, neste caso estará asistido de intérprete. A/o orador poderá facer uso da palabra desde a tribuna ou desde o escano.

- Introducción dun certo límite á Presidencia á hora de ordenar os debates. Modificación:

Art. 78.2. Dentro do establecido no presente Regulamento, a Presidencia ten as facultades de ordenar o debate e as votacións, oída a Xunta de Portavoces, e valorando a súa importancia e as circunstancias concorrentes, ampliar ou reducir o número e o tempo das intervencións dos Grupos Parlamentares ou das deputadas/os.

- Neste título para garantir a igualdade de dereitos de todos os grupos parlamentares é preciso modificar os artigos 68.2.1º, 70.2, 73.1 e 2. e 98.1. En todos os casos a redacción sería: ....ou a petición dun grupo parlamentar ou dunha quinta parte das deputadas e deputados.

## 6. TÍTULO VI

- Segundo o artigo 13.1. do vixente Estatuto “a iniciativa legislativa correspóndelle aos deputados, ao Parlamento e a Xunta...”. No artigo 110 do Regulamento non se inclúe a iniciativa legislativa do Parlamento (aínda que logo na disposición final segunda se fai mención a esta) polo que é preciso incluila no artigo 110 e proceder á súa regulación.
- Neste título para garantir a igualdade de dereitos de todos os grupos parlamentares é preciso modificar os artigos 126.2.. En todos os casos a redacción sería: ....ou a petición dun grupo parlamentar ou dunha quinta parte das deputadas e deputados.

## 7. TÍTULO VIII

- Necesidade de regular o debate do estado da nación, polo que é preciso introducir novos artigos:
  1. Con carácter anual, durante o segundo período de sesións, o Pleno celebrará un debate sobre a política xeral do Goberno Galego. Este debate non se realizará no ano no que a Cámara teña investido á/ao Presidente da Xunta.

2. O debate iniciarase coa intervención do Presidente da Xunta. A continuación a Presidencia da Cámara poderá interromper a sesión por un prazo non superior ás 24 horas, logo do cal se reiniciará a sesión coa intervención dos grupos parlamentares.
  3. O Presidente da Xunta e as/os Conselleiros poderán facer uso da palabra as veces que o soliciten e poderán contestar as intervencións de forma illada, conxunta ou agrupada por razón da materia.
  4. Os grupos parlamentares terán dereito a réplica pechando o debate o goberno na quenda de dúplica.
  5. Rematado o debate suspenderase a sesión abríndose un prazo de 30 minutos durante o que os grupos parlamentares poderán presentar ante a Mesa propostas de resolución congruentes coa materia obxecto do debate. A Mesa cualificará as propostas e admitirá aquelas que cumpran o requisito anterior.
  6. As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de 10 minutos. A presidencia poderá conceder unha rolda en contra polo mesmo tempo tras a defensa de cada unha delas.
  7. As propostas de resolución serán votadas segundo a orde presentación.
- Neste título para garantir a igualdade de dereitos de todos os grupos parlamentares é preciso modificar os artigos 144.1.. En todos os casos a redacción sería: ...ou a petición dun grupo parlamentar ou dunha quinta parte das deputadas e deputados.

## **8. TÍTULO X**

- Necesidade dunha maior axilidade na tramitación das interpelacións.

Art. 149. 1. Prazo de cinco días?

(Cuestión a debater o que ten a ver coa norma interpretativa 1, respecto da caducidade).

- Necesidade dunha maior axilidade na tramitación das preguntas.

Art. 155.2. Prazo de 3 días.?

Art. 156.1. Prazo de 3 días.?

(a respecto das preguntas en comisión algún regulamento establece que estean en condicións unha vez cualificadas)

- Incorporación ao Regulamento no referido ao artigo 155.5., preguntas urxentes, a norma interpretativa 18
- Inclusión no articulado da regulación das preguntas ao presidente da Xunta, norma interpretativa 19.

## **9. TÍTULO XI**

- Incorporar ao articulado a norma interpretativa 4 relativa ao prazo de inclusión das PNLs na orde do día de Pleno e Comisión, reducindo o prazo a 3 días.

## **10. A QUEN CORRESPONDE A INICIATIVA PARA A REFORMA DO REGULAMENTO?**

A anterior reforma do Regulamento iniciouse mediante a presentación dunha proposición de lei por parte do grupo parlamentar do PP, a pesar de que a disposición

final segunda do Regulamento establece que a súa reforma “tramitarase polo procedemento establecido para as proposicións de lei de iniciativa do Parlamento.” (Curiosamente no regulamento obviase esa iniciativa)

Por tanto o correcto sería que a reforma se faga a través dunha ponencia conxunta do propio Parlamento.

## **OUTRAS CUESTIÓNS**

Titulo III.

Dereito a se constituír en Grupos parlamentares ás forzas políticas que acaden menos de 5 escanos cando superen o 5% dos votos. Art.22

Titulo VI

Tramitación proxectos de lei, comparecencia logo da toma en consideración ante a Comisión de colectivos que poidan estar afectados pola lei.

Debate de totalidade sempre, aínda que non haxa emenda á totalidade.

Incorporación ao Regulamento doutras normas interpretativas que figuran como anexo do actual regulamento

## **TÍTULO XIII**

Maior regulación do trámite

Introducir no articulado as normas relativas ao trámite do Valedor do Pobo e do Consello de Contas

- Introducir mecanismos que garantan a baixa por maternidade ás deputadas sen ter que renunciar ao escano
- Posibilidade de presentar interpelacións e preguntas urxentes até o momento de celebrarse a Xunta de Portavoces que deberán ser incluídas na orde do día dese pleno e de non ser así decaen.
- Introducir mecanismos para que o Parlamento poida facer un seguimento ou control do cumprimento dos acordos das iniciativas de impulso (mocións e PNLs)
- Mellora do trámite orzamentario e creación da Oficina orzamentaria.